



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

III CONVOCATORIA DE AXUDAS DE MATRÍCULA PARA O PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

De acordo co Plano de Formación Integral do Persoal de Administración e Servizos da Universidade da Coruña e por acordo da Comisión de Formación da UDC, esta Xerencia resolve convocar as axudas de matrícula para cursos de formación do PAS laboral e funcionario coas as seguintes bases:

Primeira.- Destinatarios

PAS funcionario de carreira ou laboral fixo da Universidade da Coruña.

Segunda.- Obxecto

O obxecto desta convocatoria é a adxudicación de axudas para o aboamento de matrículas, formalizadas antes do 31 de decembro de 2009, en actividades formativas que se realizaran ou que se vaian realizar, na súa totalidade ou en parte, durante o ano 2009 e que estean relacionadas directamente co posto de traballo, para as que non haxa cursos de formación específicos relacionados co devandito posto no Plano de Formación.

As actividades formativas realizaranse fóra da xornada de traballo.

Quedan excluídos desta convocatoria os cursos convocados polo Centro de Linguas.

Terceira.- Dotación económica

Para a concesión destas axudas destinarase un total de 5.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9845.422D.162.00 "Formación e perfeccionamento do PAS".

O importe máximo de cada axuda será de 500,00 € , e en ningún caso excederá do importe da matrícula

No caso de que durante a impartición do curso o interesado estiver en situación de baixa por enfermidade non terá dereito á percepción da axuda.

En ningún caso se financiarán actividades que percibiran calquera outra axuda da Universidade.

Só se poderá percibir axuda para un curso por convocatoria.

Cuarta. – Solicitudes

As solicitudes, segundo o modelo anexo, presentaranse no Rexistro Xeral da Universidade dende a data de publicación na páxina web da Universidade ata o 9 de decembro de 2009 (ambos inclusive).

Xunto coa solicitude acompañarase o resgardo de matrícula correspondente, así como o programa do curso para o que se solicita a axuda.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Quinta.- Requisitos

- a) Nin a acción formativa nin o seu contido están recollidos no Plano de Formación da UDC.
- b) Debe existir relación directa co posto de traballo.
- c) Para poder cobrar a axuda debe presentarse o resgardo de matrícula.

Sexta.- Criterios de selección

Os criterios para ordenar as solicitudes son:

- 1. Non ter obtido axuda na/s anterior/es convocatoria/s de axudas de matrícula para o persoal de administración e servizos.
- 2. Maior antigüidade na Universidade da Coruña
- 3. Maior antigüidade na Administración.

No caso de ter obtido axuda na/s convocatoria/s anterior/es, terán preferencia as solicitudes que obtiveran unha contía menor.

Sétima.- Resolución

Rematado o prazo de presentación das solicitudes, a convocatoria será resolta pola Comisión de Formación, antes do 31 de decembro de 2009.

En caso de que as solicitudes que se avalíen favorablemente superen a dotación económica desta convocatoria, a Comisión de Formación elaborará unha listaxe ordenada de solicitudes, segundo a base sexta, que se financiarán con cargo á seguinte convocatoria.

Oitava.- Pagamento


Despois da finalización da acción formativa para a que se pediu a axuda, a persoa beneficiaria da axuda deberá presentar na Xerencia o título ou o certificado obtido. No caso de que, por calquera motivo, non obtivera o devandito título/certificado perderase o dereito a percepción da axuda.

A Coruña, 23 de novembro de 2009

A Vicexerente

P.O. (Resolución 16-06-2009)

Mª Jesús Grela Barreiro



ANEXO

III CONVOCATORIA DE AXUDAS DE MATRÍCULA PARA O PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

DNI			
APELIDOS E NOME			
ANTIGÜIDADE NA ADMÍNISTRACIÓN		ANTIGÜIDADE NA UDC	
TELÉFONO		ENDEREZO ELECTRÓNICO	
POSTO DE TRABALLO QUE OCUPA			
HORARIO DE TRABALLO			
CENTRO/SERVIZO			
CURSO PARA O QUE SOLICITA A AXUDA			
DATA DE FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA		DATA DE COMEZO E FINALIZACIÓN DO CURSO	

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA

- ___ COPIA DO RESGARDO DE MATRÍCULA
- ___ COPIA DO PROGRAMA DO CURSO PARA O QUE SE SOLICITA A AXUDA
- ___ COPIA DO TÍTULO OU CERTIFICADO DE SUPERACIÓN DO CURSO (no caso de que o curso xa estea rematado)
- ___ DECLARACIÓN DE QUE NON SE PERCIBIU NINGUNHA OUTRA AXUDA DA UDC PARA ESTA ACCIÓN.
- ___ OUTRA DOCUMENTACIÓN:.....
.....
.....

SR. XERENTE
UNIVERSIDADE DA CORUÑA